

Fra Molinero presenta o seu libro no Toxos

20.00 O escritor e historiador Eduardo Fra Molinero presenta na sede do Toxos a súa última novela: "El Merendero de la señora Oliva". Estará acompañado polo tamén profesor José Antonio Ponte Far.

ANIVERSARIO DO TOXOS

O presidente da Real Academia Galega (RAG), Xosé Ramón Barreiro Fernández, recibiu onte en Ferrol o premio Lorenzo Barja, co cal o Toxos e Froles recoñece o traballo dunha persoa ou institución en prol da cultura galega. A directiva da

entidade decidiu conceder este galardón honorífico a título póstumo a Xosé Fontenla Leal, promotor da RAG e do himno galego. No acto institucional que se celebrou no centro cultural Torrente Ballester outorgáronse tamén os toxos de

ouro, prata e bronce. Os primeiros foron para Pedro Sanz, para os concelleiros Juan Fernández, Francisco Pita-Romero e José Manuel Rey e para o alcalde, Juan Juncal. Os outros recibírono distintos coristas pola súa antigüidade na institución.

A RAG recolle o premio de honra do Toxos


O presidente da entidade recibiu o galardón que o coro outorgou a Xosé Fontenla Leal

M. J. RICO > FERROL

■ Eudoxio Rojo Cabadas recibiu o Toxo de Bronce por levar dez anos como membro do Toxos. María del Carmen Parrilla, Silvia Ferrín, Arancha Gago, Concepción Rodríguez e Ramón Veiga levan 15 e por iso recibiron o Toxo de Prata. Os Toxos de Ouro foron para os concelleiros Juan Fernández, Francisco Pita-Romero e José Manuel Rey e tamén para o alcalde Juan Juncal, que debido á súa doenza recibírao en setembro. A directiva do Real Coro tamén decidiu dar o Toxo de Ouro ó seu presidente, Pedro Sanz.

Xunto cos Toxos, no acto institucional que onte se celebrou na capela do Torrente Ballester (e que comezou con media hora de retraso ó chegar tarde os concelleiros) entregouse o premio Lorenzo Barja. Trátase dun galardón honorífico que este ano se concedeu a Xosé Fontenla Leal, ferrolán promotor do himno e da Real Academia Galega. O presidente desta centenaria institución, Xosé Ramón Barreiro Fernández, recibiu o galardón.

No discurso inaugural que ofreceu Pedro Sanz, o presidente do Toxos manifestou a súa indignación polo feito de que non haxa ningún ferrolán homenaxeado co Día das Letras Galegas. "Ferrol tamén existe e debe existir para a Real Academia", dixo. Barreiro Fernández, logo de agradecer unha distinción "que quedará para sempre na memoria histórica da



O presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro Fernández, durante o acto que se celebrou onte no Torrente Ballester



JORGE MEIS

institución que eu presido", aceptou o envite para pedir tranquilidade e paciencia. "Carvalho Calero vai ter un Día das Letras Galegas pero os tempos veñen determinados por moitas circunstancias e o feito de que se retrase un ano ou dous non vai no seu desdoro", respondeu. "A Academia sabe moi ben que Ferrol non é Teruel, nin Teruel é Ferrol. A elec-

BARREIRO FERNÁNDEZ
"Carvalho Calero vai ter un Día das Letras Galegas, que se retrase un ano ou dous non vai no seu desdoro"

ción non se fai pensando nunha cidade ou nunha comarca, a nosa pretensión é facer país".

No seu discurso tamén aludiu á condición de emigrante de Fontenla Leal. "Foi polo mundo coa intención de gañar diñeiro. Non o gañou. Pero daqueles que se fixeron millonarios non queda memoria ningunha, son polvo da historia". Tamén recordou a súa

paixón por Galicia e o seu traballo na busca de símbolos que identificasen a patria. "Evidentemente, sen Fontenla Leal hoxe non poderíamos falar dunha Academia Galega", dixo Barreiro Fernández.

No acto estiveron presentes ademais varios membros da directiva da RAG, como Manuel González, Salvador García-Bodas ou Xosé Luís Axeitos.

RECUPERE EL PLACER DE VOLVER A OÍR BIEN

REVISIONES AUDITIVAS GRATUITAS

Dolores, 18. El Ferrol
Tel. 981 364 084

GAES
Centros Auditivos

www.gaes.es

En GAES son especialistas en mejorar tu salud auditiva y tu oído. Nosotros estamos cerca de usted para que oír mejor sea todavía más fácil.